



CIUDAD CANDIDATA
CAPITAL ESPAÑOLA
DE LA GASTRONOMÍA
2023



Concello
de Pontevedra
Concellería
Promoción
económica



BASES DO I CAMPIONATO DE TAPAS DE GALICIA PONTEVEDRA 2022

Artigo 1

A Academia de la Tapa y el Pintxo de España en nome e coa colaboración do Concello de Pontevedra organiza e convoca o **I Campionato de Tapas de Galicia**, que se celebrará durante os días 2 e 3 de maio de 2022 na cidade de Pontevedra.

Artigo 2

A participación no concurso é libre e non xera gasto algún de inscrición para os participantes. Poden participar neste campionato, os establecementos de hostalería situados en: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra que dispoñan de bar ou restaurante, e teñan unha oferta de petiscos, tapas, ou cociña en miniatura continuada ao longo do ano. En caso de dúbida, a organización poderá solicitar copia da licenza administrativa de bar.

Artigo 3

A orde de inscrición para o **I Campionato de Tapas de Galicia** atenderá á seguinte orde de preferencia:

- **Desde o 14 ao 31 de marzo de 2022**, inscrición dos concursantes de todas as provincias galegas (A Coruña, Lugo e Ourense) excepto a provincia de Pontevedra, a razón de 12 establecementos por provincia. Se houberse máis de 12 inscricións por provincia, o xurado elixirá aos 12 participantes en base ao seu currículo no que se valorarán os premios obtidos en certames de petiscos ou tapas nacionais, provinciais, comarcais ou locais, por esta orde.

- **Neste mesmo período (desde o 14 ao 31 de marzo)** poderanse inscribir os cociñeiros e cociñeiras representantes dos establecementos de Pontevedra, a razón de 5 establecementos da cidade e 9 da provincia. As prazas que queden vacantes poderanse cubrir no seguinte prazo de inscrición sen limitacións provinciais.

- **Do 1 de abril e ata as 00:00 horas do 11 de abril de 2022**, inscrición libre ata completar as 50 prazas.

- As prazas que queden vacantes poderanse cubrir no seguinte prazo de inscrición sen limitacións provinciais.

A inscrición para o I Campionato de Tapas de Galicia realizarase na web oficial do certame, enchendo este [formulario de inscrición](#).

Artigo 4

Polo mero feito de inscribirse e participar no I Campionato de Tapas de Galicia, o participante será convidado a un cuarto individual ou dobre no hotel sede do Campionato, así como unha invitación para dúas persoas na cea oficial do Campionato, o día luns 2 de maio (o formato da cea variará acorde ás limitacións sanitarias actuais da normativa COVID.)

- **Os participantes non poderán lucir baixo ningún concepto publicidade nin logos que entren en conflito cos patrocinadores do I Campionato de Tapas de Galicia.**

- Os participantes poderán participar acompañados dun único axudante.

Artigo 5

- Cada participante poderá participar cun único petisco no **I Campionato de Tapas de Galicia – Pontevedra 2022**

- O prezo máximo de coste de cada petisco será de **1,60 € (un euro e sesenta céntimos)**.

Artigo 6

- Os ingredientes de cada petisco son de libre elección do participante.

Artigo 7

- O establecemento participante adoptará todos os medios ao seu alcance para publicitar a súa participación no **I Campionato de Tapas de Galicia**, por exemplo redes sociais, presenza en medios de comunicación tradicionais, etc.

Artigo 8

Os participantes do **I Campionato de Tapas de Galicia** deberán ofrecer a tapa coa que participan no concurso, nas barras dos seus locais desde o **22 de abril ao 1 de maio** de 2022, no que será o I Roteiro de Tapas de Galicia

– A organización enviará a cada establecemento participante o material promocional, que deberá colocar obrigatoriamente en lugares visibles do local.

– Os participantes deberán promocionar o petisco con que participan no I Campionato de Tapas de Galicia e no I Roteiro de Tapas de Galicia nas redes sociais, mencionando nas publicacións en Facebook e Instagram a: [@CapitalGastro](#) [academiadelatapaydelpintxo](#), [y @pontevedrate](#).

Artigo 9

– Durante o **I Campionato de Tapas de Galicia** os cociñeiros e cociñeiras elaborarán os petiscos en formato show-cooking, coa presenza do Xurado na sala e ante o público, cun aforo limitado e mantendo a distancia de seguridade entre todos os asistentes, xuíces e participantes; ademais de cumprir con todas as medidas sanitarias actuais recomendadas para este tipo de eventos.

Artigo 10

– Celebraranse tres sesións clasificatorias, dúas delas o **luns 2 de maio de 2022**, mañá e tarde; e a terceira na mañá do **martes 3 de maio de 2022**. Cada unha destas sesións contará cun máximo de 17 participantes.

–A orde de participación de todos os rexistrados nestas tres fases clasificatorias, realizarase mediante un sorteo público que se anunciará pola organización a todos os participantes coa debida antelación.

Artigo 11

– A organización designará para cada unha das sesións un Xurado composto por cinco profesionais de recoñecido prestixio no campo da gastronomía, quen terá a misión de valorar as propostas culinarias de acordo con estas bases, previa estandarización das puntuacións, en base aos seguintes criterios e puntos:

–**Viabilidade do petisco no contexto de servizo dun bar de tapas (20 puntos).**

– **Produto e estética:** produto, montaxe, colorido, espectacularidade e disposición do petisco (15 puntos).

– **Orixinalidade e técnica:** novidade da proposta, enxeño,

orixinalidade (15 puntos).originalidad (15 puntos.)

–**Valores gastronómicos:** gusto, retrogusto, sabor, contraste, matices... **(50 puntos).**

–**O fallo de todos e cada un dos xurados designados será inapelable.**

Artigo 12

–A clasificación establecerase por orde de puntuación de maior a menor, proclamándose gañador do I Campionato de Tapas de Galicia quen obteña maior puntuación.

– En caso de empate a puntos, clasificarase en primeiro lugar quen máis puntos obtivese no epígrafe de Valores Gastronómicos e, se persistise a igualdade, obterá unha mellor clasificación quen obtivese unha maior puntuación no epígrafe de Viabilidade, e se aínda persistise a igualdade, aquel que obtivese maior puntuación no epígrafe de Orixinalidade e Técnica.

Artigo 13

Os premios do I Campionato de Tapas de Galicia serán os seguintes:

Para o campión: diploma, trofeo e **1.500,00 €** (Mil cincocentos euros en produtos dos patrocinadores).

Para o segundo: diploma e **1.000,00 €** (Mil euros, en produto dos patrocinadores).

Para o terceiro: diploma e **500,00 €** (Cincocentos euros en produto dos patrocinadores).

Ademais, o Xurado ten a potestade de entregar unha Mención Especial.

Tamén se outorgarán os seguintes Premios entre os participantes do **I Campionato de Tapas de Galicia:**

- Premio ao Petisco que mellor maride con cervexa Estrella Galicia
- Premio ao Petisco que mellor maride cun viño branco D.O. Ribeiro
- Premio ao Petisco que maride con viño tinto D.O. Ribeiro
- Premio ao Petisco que maride con vermut.
- Premio á estética.
- Premio á sustentabilidade.
- Premio ao Petisco máis tradicional.
- Premio Alimentos de Galicia.
- Premio aos valores gastronómicos de España.

- Premio ao mellor petisco quente.
- Premio ao mellor petisco frío.
- Premio á participación activa en redes sociais.

Artigo 14

– A organización instalará un estudo fotográfico profesional que captará as imaxes de todos os petiscos rexistrados no campionato, así como a dos cociñeiros e cociñeiras creadoras.

– As fotografías e as receitas de elaboración que cada concursante debe prover á organización no momento da inscrición, serán utilizados pola organización e o Concello de Pontevedra para a promoción do Campionato e da gastronomía en xeral, así como para a elaboración do libro oficial deste I Campionato.

– O envío das receitas é de obrigado cumprimento e a organización deberá telas no seu poder antes do **11 de abril no formato pedido pola organización.**

– O non envío da receita imposibilita a participación no **I Campionato de Tapas de Galicia.**

– Un exemplar de cada libro do Campionato será enviado de forma gratuíta a cada un dos participantes.

– A inscrición e participación no **I Campionato de Tapas de Galicia**, supón a cesión á organización dos correspondentes dereitos, se os houbera.

Artigo 15

Todos os participantes rexistrados deberán entregar á organización o nome completo do petisco ou tapa e a súa receita de elaboración, o nome do establecemento e a súa localización, así como os datos do cociñeiro ou cociñeira creadora do petisco.

Artigo 16

O **prazo de inscrición para o I Campionato de Tapas de Galicia – Pontevedra 2022 finalizará ás 00:00 horas do 11 de abril de 2022** e deberá realizarse de forma obrigatoria a través do formulario dispoñible [aquí](#).

– O límite de inscricións sitúase en 50 establecementos. Con eles formaranse as tres series clasificatorias de 17, 17

e 16 participantes cada unha delas.

Artigo 17

A inscrición neste I Campionato de Tapas de Galicia, supón a aceptación expresa deste regulamento.

En Pontevedra, ao 14 de marzo de 2022.

Artigo 18

Información básica de protección de datos

Le informamos que sus datos personales serán tratados por la Academia de la Tapa y el Pintxo de España, con la finalidad de gestionar la inscripción en el **I Campionato de Tapas de Galicia y el I Roteiro de Tapas de Galicia.**

– Sus datos podrán ser cedidos a las entidades necesarias para realizar esta gestión: a las instituciones patrocinadoras, marcas patrocinadoras, colaboradoras del Campionato y Roteiro de tapas de Galicia, y medios de Comunicación (online- offline).

– Este tratamiento de datos es necesario para gestionar la inscripción y participación en I Campionato de Tapas de Galicia y el I Roteiro de Tapas de Galicia, sus datos serán conservados durante los plazos de prescripción marcados en la ley.

Ud. puede ejercer sus derechos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidad y limitación del tratamiento de sus datos dirigiéndose a “nombre del responsable”, con domicilio fiscal en dirección o a correo electrónico, acompañando copia de su DNI acreditando debidamente su identidad.

En cualquier situación, Ud. tiene derecho a presentar una reclamación ante la Agencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Al rellenar el formulario de Inscripción I Campionato de Tapas de Galicia, ofrece su consentimiento para el tratamiento de sus datos personales, conforme a la Política de Privacidad. En Pontevedra, ao 14 de marzo de 2022.

Información adicional: Política de privacidad en la web



CIUDAD CANDIDATA
CAPITAL ESPAÑOLA
DE LA GASTRONOMÍA
2023



Concello
de Pontevedra
Concellería
Promoción
económica

